Seguindo as pegadas de Nellie Bly por un día!

Pista 1. En quen nos convertiremos?

Julio Verne propón unha fazaña no seu libro *A volta ao mundo en 80 días*, pero houbo unha muller que rebaixou o tempo no que se podía cumprir ese reto. Saberías quen foi?

Pista 2. En que nos inspiramos?

A seguinte nova apareceu hai xa un tempo no xornal *La Voz de Galicia*, pero semella que quedou no esquecemento. A nosa misión nesta última andaina do curso é recuperar a súa actualidade e intención. Atrevédesvos?

Un callejero con una presencia femenina muy escasa

Monforte solo cuenta actualmente con nueve calles que lleven nombres de mujeres

FRANCISCO ALBO
MONFORTE / LA VOZ

Pista 3. Que faremos?

O mesmo problema advertido polo xornalista Francisco Albo en Morforte é patente na nosa vila. Para solucionalo, cada un de vós debe escoller unha das seguintes alternativas de traballo:

1. Percorreredes as rúas de Chantada que pronto volveremos pisar, pero mentres coa aplicación informática Google Maps. Isto permitiravos coñecer os seus nomes. Realiza a continuación un traballo de investigación ou un mural (a man ou a ordenador) no que presentes unha rúa, avenida, praza... que leve o nome dunha muller. Debe aparecer unha foto da figura homenaxeada, así como os datos biográficos máis relevantes (quen foi, onde viviu, por que é importante...). Así mesmo, debedes sinalar onde se atopa en Chantada a rúa estudada.

2. Con motivo do Día dos Namorados explicamos a estrutura das distintas modalidades de cartas e escribistes misivas informais. Agora chega o momento de practicar a modalidade formal. Para iso ides redactar unha carta ou un e-mail dirixido ao Concello, no que propoñades cada un de vós o nome dunha muller distinguida na actualidade (preferentemente pouco coñecida e da vosa contorna) para dar nome a unha nova rúa da vila. Debedes xustificar a vosa escolla con datos precisos (quen é/foi, a que se dedica/dedicou, por que debe unha rúa levar o seu nome, así como outros datos que consideredes relevantes e que vos permitan convencer ás autoridades da vosa proposta).

Moito ánimo e boa viaxe!

Que os ventos vos sexan favorables, viaxeiros e viaxeiras!